

INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS REEMBOLSOS DO PROGRAMA IGNICIA PROBA DE CONCEPTO (IN855A)

Segundo se establece nos acordos de reembolso entre a Axencia Galega de Innovación e as entidades beneficiarias do programa IGNICIA Proba de Concepto (código procedemento IN855A), no que se establecen as condicións do reembolso previsto nas resolucións de concesión de aprobación do investimento mediante unha achega patrimonial onerosa:

- *"En contraprestación ao financiamento do proxecto Ignicia, a entidade beneficiaria devolverá o 30% dos retornos económicos xerados pola comercialización dos resultados científico-tecnolóxicos do proxecto, xa sexan patentes, software, coñecemento, procedementos, ou calquera que sexa a forma de retorno, é dicir, regalías, pagamentos por fitos ou pagamentos por uso. Para o caso de creación dunha spin-off, será igualmente o 30% das plusvalías totais xeradas pola participación da entidade beneficiaria na mesma".*
- *"A entidade beneficiaria deberá remitir, á Axencia Galega de Innovación, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código de procedemento IN855A, a información recibida por parte dos licenciarios e/ou spin-off que serve de base para o cálculo dos retornos desta, tanto en concepto de regalías como os derivados da participación no capital social da spin-off, ou outros, segundo se recollan nos correspondentes acordos de transferencia de tecnoloxía e pactos de socios firmados por esta en relación á tecnoloxía, nun **prazo máximo dun (1) mes**, dende a recepción por esta da citada información".*

En consecuencia, as entidades beneficiarias terán que presentar a seguinte documentación:

- Informe, segundo o modelo achegado, sobre os fitos máis relevantes en canto a: desenvolvemento, comercialización, aspectos regulamentarios e financiamento acadado. Ademais, de datos de emprego, facturación e retornos.
- Balance e conta de perdas e ganancias da spin-off resultante do proxecto Ignicia.
- Facturas emitidas pola entidade beneficiaria para o cobro das regalías.



- Históricos e previsións de cobros e valoracións do capital da entidade na spin-off, durante os prazos previstos no contrato de transferencia, conforme á táboa excel achegada (con expresión das fórmulas utilizadas).
- Escrituras das posibles ampliacións de capital realizadas, así como pactos de socios e posibles modificacións.
- Novos contratos de licenza ou servizos ou modificacións dos contratos existentes.

A Axencia Galega de Innovación.

servizos.gain@xunta.gal